

A Xunta remata o
mandato sen recibir á
alcaldesa de Salceda

Páxina VIII

Seis percorridos no
Circuito das Andainas
Saudables da Eurocidade
Tui-Valença

Páxina XII

O Rosal organiza un
curso de cociña de
pratos de culler

Páxina XII

A Guarda mellora o
entorno dos colectores
soterrados do Porto

Páxina XV

Anteproxecto para a
Senda de circunvalación
ao Monte Santa Trega

Páxina XV



Constituída a Comisión Especial do Líndano

Páxina V



**GASOLEOS
TEA S.L.**

Distribuidor oficial REPSOL para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA 986 61 43 61



CONFITERIA
Regino

Rosquillas . melindres . variadito de pasteles
sublime de cacao . tarta de té
rocas de chocolate . tarta de framuesa
tartas personalizables con foto a partir de 2 kg

Reveriano Soutullo, 16 Ponteareas 986 640 834



ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B - 36860 PONTEAREAS - T. 986 66 00 00 - F. 986 66 01 03

MISCELANEA

O Colexio de Arquitectos de Galicia asegura que a Fonte de Troncoso “debe ser urxentemente rehabilitada”

A Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Arquitectos (COAG) emitiu un informe sobre o estado e posta en valor da fonte e instalacións anexas da fonte de Troncoso sita no municipio de Mondariz Balneario, atribuída ao arquitecto Antonio Palacios” e aceptou “acceder á petición da asociación veciñal para a defensa da Fonte de Troncoso, emitindo un informe para obxectivar o seu valor como tamén emitir pronunciamiento expreso a enviar aos axentes implicados en favor da súa rehabilitación”.

De acordo ao INFORME TÉCNICO elaborado, considera “que o ben inmoble catalogado «Fonte e instalacións anexas de Troncoso» situado no municipio

de Mondariz Balneario, atópase nun deplorable estado de conservación, presentando unhas condicións históricas, arquitectónicas, culturais, turísticas e sociais, de indubidable interese e deben ser urxentemente rehabilitadas.

As leis establecen a obriga dos propietarios de bens culturais, neste caso a empresa madrileña Fuentes Capital S.A, a conservalos e mantelos en bo estado material, así como o deber dos concellos a ordenar a execución de obras cando o estado das edificacións non sexa o axeitado, segundo establece a Lei 5/2016, do Patrimonio Cultural de Galicia no art. 32.

No mesmo sentido a Lei 2/2016 do Solo de Galicia establece (arts. 135 e 136) o

deber de conservación e rehabilitación que todos os propietarios teñen para cos edificios da súa propiedade. A plataforma veciñal recorda que a Xunta de Galicia e o Concello de Mondariz Balneario están obrigados por lei a ordenar a execución das obras necesarias para conservar en boas condicións todas as edificacións protexidas levantadas na vila balnearia, algo que -incomprensiblemente- non fai. SOS Fonte de Troncoso acusan a ambas administracións de inacción e indiferenza diante da ruína progresiva e constante de edificios de grande interese cultural e notable valor arquitectónico de Mondariz Balneario, como o antigo Hotel Avelino, o Hotel Roma ou a Fonte de Troncoso, por citar tres exemplos.



A nosa plataforma veciñal amosa a súa satisfacción polo respaldo que o Colexio de Arquitectos de Galicia lle vén de ofrecer publicamente á Fonte de Troncoso, apostando pola súa conservación e rehabilitación, xa que se trata dunha das opinións máis cualificadas e respectadas do noso país.

Nace o PonteBike Team, un equipo de enduro e descenso en Ponteareas



Nace o PonteBike Team, un equipo ciclista de Enduro e Descenso de Ponteareas e arredores, cunha grande ambición. Os seus corredores Ismael Romero e Pablo Porto estiveron en La Adrada, Ávila para disputar a primeira proba do Open de España de Enduro quedando Ismael no 2º posto e Pablo no 14, ambos nas categorías Junior

As categorías deste equipo van dende Junior ata Máster, pasando por Elite-Sub23.

Nesta tempada teñen coma obxectivos o Open de España de Enduro, o Open de Galicia de Enduro e Descenso e varias probas do Calendario Portugués de Descenso.

As empresas “Transportes Porto Martínez” e “Sportskids” apoian e este equipo. No brazo da súa equipaxe portan os logotipos do Concello de Ponteareas, Xunta de Galicia, Deputación de Pontevedra e a declaración de NON á Violencia de Xénero.



Ponteareas renova coa Deputación o convenio de cesión e uso do Castelo do Sobroso

O goberno do BNG-PSOE renovou o convenio coa Deputación de Pontevedra para a cesión e uso do Castelo do Sobroso. Esta alianza que dende o ano 2015 destinou máis de 840.000€ á

mellora da edificación e da finca do Castelo co obxectivo de revitalizalo e polo en valor, complétase agoar cun novo investimento de 330.000€ para musealización e reforestación da finca.

“Iniciamos unha nova etapa para ensalzar o Castelo medieval e a súa contorna, unha riqueza do noso patrimonio histórico que atrae cada ano a milleiros de visitantes”, explica o Alcalde.



Por Roberto Mera Covas

Parabéns a ADENCO, parabéns a Ponteareas

Ponteareas 1989. Un busto de Francisco Franco preside a Praza Maior e un alcalde con firmes raíces no rexime ditatorial e recoñecidas conviccións franquistas detenta un poder omnímodo na localidade á que chama Puenteareas. Hai só catorce anos que morreu o ditador e apenas oito dunha tentativa de golpe de estado. Ponteareas é un pobo en branco e negro ancorado no nacionalcatolicismo e no que semella que o reloxo do tempo se parou. Nada indica que vaia arrincar.

Santiago de Compostela 1989. A capital galega e universitaria ferve. Acabo de chegar e o movemento ecoloxista, antimilitarista, estudantil nacionalista ou de defensa da lingua cautívame e ilusíname. Todo é descubrimento: conceptos como ecoloxismo ou insubmisión, movementos sociais cheos de persoas comprometidas,... Domingo de mañá. En Compostela, baleira de estudantes e funcionarios, respírase a vila: a xente pasea polo Vilar e a Rúa Nova, a banda de música actúa en Platerías, a xente sae de misa... Na Praza do Toural, coma todos os domingos, hai un posto informativo de ADEGA, o referente do ecoloxismo galego. Paro, vexo, falo, entusiásmome e penso: hai tanto por facer, tamén en Ponteareas. Fronte ao ofrecemento de implantar ADEGA no meu pobo decántome pola nosa tradición minifundista e así, igual que en Guimaraes “nasceu Portugal”, na praza do Toural concíbíuse Adenco, a Asociación para a Defensa da Natureza do Condado quen, tras unha breve xestación de varias semanas, naceu o 24 de febreiro de 1990, hai hoxe trinta anos.

Ese nacemento era simplemente unha manifestación, un síntoma, e non sería o único, dun mar de fondo que se viña xestando naquela Ponteareas resignada e deprimida. Unha nova xeración ponteareán con ansias de cambiar o mundo desde a utopía comezaba a agomar e organizarse, axudados de maneira incondicional polos

que, como Guillermo Rodríguez e a súa Peneira, nos precederan no compromiso cun mundo mellor: Xurxo López, Kiko Neves, Marcos López, Fran Eiró, Delio García, Luciano Fernández, Helena Gil, Kiko Gil, Fani Covas, Guillermo Sendín, Eva Carpente, Xosé Ramón Rodríguez, Daniel Costal e moitos e moitas máis, converterán a súa enerxía en movementos sociais que farán tremer as anquilosadas estruturas do poder local, intocabeis até entón.

O que emerxera en 1990 coma un grupo movido pola preocupación ambiental axiña se verá acompañado coa aparición da expresión cultural desa xeración que funda Irmanciños da Fala, coa súa contestataria, irreverente e desacomplexada Faladeira. Non pasará un ano para que, coincidindo coas eleccións municipais de 1991, esa xeración atope a súa expresión política no nacionalismo e a súa formulación orgánica no BNG, até entón forza residual e marxinal e hoxe forza maioritaria e goberno en Ponteareas.

O documental “Adenco 1990-1995: cinco anos de ecoloxismo no Condado”, realizado en 1995 e dispoñíbel desde esta mesma semana na rede, é un documento audiovisual histórico imprescindible para lembrar o que era a Ponteareas do postfranquismo e entender, coa perspectiva que nos dan tres décadas transcorridas, o que supuxo para a recente historia de Ponteareas a eclosión desa xeración que, configurándose como vangarda do seu tempo, foi quen de poñer pobo, moito pobo, detrás.

Máis alá do traballo de educación medioambiental que marcou a toda unha xeración de nenos e nenas ponteareáns que, da man de Adenco, aprenderon nas escolas e fóra delas o respecto e o cariño polo noso entorno natural, a nosa loita en causas como A Picaraña ou o río Tea conquistou a boa parte da sociedade ponteareán e converteu ao grupo ecoloxista nunha potente organización con perto de medio milleiro de persoas asociadas.

A ollada atrás a través do documental

pode sorprenden a calquera, especialmente aos máis novos que daquela aínda non naceran. Hoxe, un lume nun vertedoiro en Euskadi é noticia polo grave risco para a saúde que supón; en 1990 Adenco pelexaba contra un goberno que queimaba e queimou o lixo durante anos no vertedoiro da Picaraña asulagando de fume tóxico as parroquias próximas e a vila, provocando lumes forestais na contorna e contaminando auga para consumo humano captada nas súas proximidades. Hoxe, reciclar vidro ou papel é algo natural; en 1990 Adenco, sen apenas medios e baixo ameazas do alcalde, implantou un sistema rudimentario pero eficaz de reciclaxe de vidro e papel porque o goberno se negaba a facelo;

Se a realidade medioambiental ponteareán e a resposta política en 1990 resultaría hoxe inconcebíbel, a vulneración de dereitos fundamentais que sofremos por parte do goberno local naquela época é a mellor proba de que a Ponteareas daquel tempo vivía aínda baixo a sombra daquel monumento que presidía a súa Praza Maior: ameazados de morte por colocar bidóns para a recollida de vidro diante da negativa daquel goberno a instalar colectores de reciclaxe; xulgados e absoltos por colocar carteis e informar con megafonía sobre a contaminación dunha praia fluvial non apta para o baño que era ocultada conscentemente polo goberno local; unha policía que recibía ordes directas do alcalde para retirar pancartas, despegar carteis das paredes que reclamaban liberdade de expresión ou para averiguar a identidade de mozos e mozas que colocaban carteis críticos coa súa xestión ambiental; un alcalde que xustificaba a censura na televisión municipal das protestas e manifestacións de Adenco dicindo que “no voy a invitarlos a comer en mi mesa” e un presentador dese medio que explicaba esa ocultación lembrando que a súa función era “darle a ustedes información que les haga agradable

el vivir, no complicarnos la vida, está montando este servicio así para dar noticias, pero noticias constructivas”. Así era Ponteareas.

Tres décadas despois, calquera persoa que por idade poida ter perspectiva histórica, sabe que non é un exercicio de soberbia nin presuntuosidade afirmar que a fundación de Adenco o 24 de febreiro de 1990 marcou un punto de inflexión, un antes e un despois, na realidade social e política de Ponteareas. O postfranquismo ponteareán do atado e ben atado, que arrincara en 1975, entrará en crise e se tambaleará a partires da creación do grupo ecoloxista, dando así paso a un proceso non de transición, afortunadamente, senón de ruptura conflitiva, virulenta e longa de máis (1990-2015) e, finalmente, á normalización democrática plasmada, por vez primeira en oitenta anos, na alternancia política que cristaliza en 2015.

O mellor reflexo dese cambio, impen-sábel en 1990, que supuxo a creación de Adenco e o seu labor, é que quen presidía aquel grupo ecoloxista perseguido por unha policía local política, hoxe é o responsable de dirixir ese corpo; quen loitaban por unha Picaraña libre de vertidos de residuos hoxe están transformando ese monte nun parque forestal; quen denunciaban os vertidos ao río Tea e lograran mobilizar a un milleiro de persoas en 1994 en defensa do río nunha histórica manifestación, hoxe teñen encarreirada a ampliación da depuradora e a solución a un grave problema arrastrado desde hai tres décadas; quen colocaban bidóns para recoller vidro nas rúas hoxe implantan a compostaxe individual no rural; e o que é mellor, trinta anos despois do seu nacemento Adenco continua vivo e mantendo incólume o seu espírito reivindicativo da man dos que, como Anxo Fernández Saborido, colleron o testemuño e foron quen de traelo até 2020.

Parabéns a ADENCO, parabéns a Ponteareas.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosospanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

OPINIÓ

Por Manuel Estévez

Suso, voz de aqueles Bambinos

A última hora do serán dos primeiros días da segunda semana de Agosto, outrora na Alameda de A Guarda harmonía e ritmo e a inconfundible voz bambina, envolvía o espazo axardinado

*Soy la que sufre por tu amor
la que piensa en ti, mi amor
Y quisiera convencerte*

Sonaba música interpretada por "Los Bambinos" e a voz de Suso. Outra das formacións do Baixo Miño que non esquecen os que os que xa frecuentaban as verbenas nos anos sesenta, década que se formou o grupo orquestal en A Guarda.

Si, señor. Naquel local tertuliano e musical, onde se reunían mozos que levaban as corcheas nas veas, despois de pasar pola escola de Alfonso Ulloa na Banda rosaleira de Tabagón ou mesmo do mestre, Xosé Mariño "Santeiro" que fundara

Os Tempores

Faladoiros ao son dos golpes de martillo para fixar as tapas ao tacón a beira da torre do reloxo, zapatería de Lombita, o que sería baixista e clarinete, materializándose aquel soño musical.

Alí estaban a maioría dos compoñentes dunha formación músico-vocal, coñecida aquí e alen Miño por "Los Bambinos".

Luis Rodríguez, mais coñecido como "Gabiño" encargado da percusión, fillo daqueloutro inesquecible músico que acompañaba ao acordeonista Xesús, en bodas e banquetes. Igoalmente inolvidable, Celso Domínguez "Cabriñas", acordeón; Xesús Alonso, guitarra e voz, incorporándose despois os dous metais, Xosé Luis Rodríguez Martínez con trompeta e Emilio Sánchez, saxo.

A Liga de Amigos de O Rosal, foi o primeiro palco onde subiran os xóvens músicos que pouco a pouco foron acadando sona

aquí e alen Miño, amenizando bailes e verbenas, programas festivos compartillados con formacións de todo Galicia, na época dourada da música. Os Duendes, Microns, Magos de España, Sintonía de Vigo, Saudade, París, Los Santos, Arquinos, Trovadores, Finisterre, entre outras orquestras e conjuntos, mesmo recinto, tarde ou noite, igual que nalgúnhas salas de Festas do Sur de Galicia, alternando escenario, compartindo música e voces en vivo con Os Pequeniques, Dúo Dinámico, Los Alba, Julian Granados ou Mike Kennedy, cuando subían a Galiza, concretamente a provincia de Pontevedra.

Eran como unha familia, nos días ou vésperas da Virxe do Pilar, Santa Ana en Sandián, San Vicente en Marzán, as Candelas ou San Brais en San Xoán de Tabagón, San Xulian en San Xian, todas elas no Concello de O Rosal e outras moitas mais celebracións coterráneas, aínda segue viva a formación, amparada polo técnico de son, recordado Marcial, para que mozas e mozos bailasen o seu ritmo e disfrutando da voz do vocalista Suso, o que segue



cantando con amigos o son das ondas do mar, no seu natal porto de A Guarda.

*Soy quien espera comprensión,
y te pide, mi amor
Que me enseñes a quererte.*



Presentación do libro na Casa da Luz (Pontevedra) o 30 de xaneiro. De esquerda a dereita, a Deputada de Cultura da Deputación Provincial de Pontevedra, Anxo Porto (un dos autores, xunto con Raquel Vázquez), Rogelio Pérez Poza, Secretario da Fundación Luís Tilve, e J. Raúl Gómez Farto, Presidente da Asociación "Escola Viva". Fotos de Antón Costa.



Unha mirada educativa da "Casa del Maestro de Pontevedra"

Porto Ucha, A. S. e Vázquez Ramil, R. (2019).
Organización Societaria e Depuración do Maxisterio.
A Casa del Maestro de Pontevedra (1934-1936).
Santiago de Compostela: Fundación Luís Tilve.
ISBN: 978-84-95773-32-6 283 pp.



Lucía Lareo Pena
A ilusión, a inquietude e numerosas investigacións precedentes, foron a semente que fixo florecer a obra de recente publicación "A Casa del Maestro de Pontevedra", que naceu da man de dous recoñecidos investigadores nas Ciencias Sociais: Anxo Serafín Porto Ucha e Raquel Vázquez Ramil.

Este libro, de gran riqueza cultural e marcada importancia educativa, invita a todos os seus lectores/as a somerxerse nun percorrido histórico que abrangue dende o ano 1934 ao 1936 alumeando a realidade dunha organización societaria

e de depuración do maxisterio que non debe pasar desapercibida para todos aqueles interesados/as na historia educativa galega. Exemplo disto é que entre os seus Anexos dá conta de 1033 asociados/as da Casa del Maestro coas súas sancións correspondentes no proceso de depuración.

É destacable a senda de reflexión á que invita a lectura, outorgando a posibilidade de achegarse á problemática do maxisterio da época, ás súas preocupacións vitais, profesio-

nais e materiais, facéndonos reparar na tarefa dos mestres e mestras daqueles tempos e dos actuais. Non deixa de ser curioso que a obra chega nun momento no que os/as docentes senten pouco recoñecido e valorado socialmente o seu traballo.

O PORRIÑO

Constituída a Comisión Especial do Lándano que volverá a reunirse despois das eleccións galegas

Baixo a presidencia da alcaldesa Eva García de la Torre, finalmente coa presenza de dous vogais en representación da Xunta de Galicia, quedou constituída a Comisión Especial para a Descontaminación por Lándano. A sesión constitutiva realizouse no Concello do Porriño onte mércores á tarde.

Por parte municipal participaron ademais da alcaldesa, os concelleiros Lourdes Moure (PSOE), Pedro Pereira (BNG), Alejandro Lorenzo e Abel Estévez (PP); Manuel Carrera (UDDL) e Pedro Ocampo (EU Son). Foi pre-

cisamente EU Son o grupo político que propiciou o acordo plenario unánime para a creación desta Comisión Especial.

En representación da Xunta de Galicia acudiron José Manuel González González, xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente en Pontevedra, e Natalia Botana Rey, xefa do Servizo de Control de Riscos Ambientais da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade en Pontevedra.

Ademais forman parte da Comisión Especial, Patricia Sío, voceira da Plataforma de Afectados; representantes veciñais de Relva,

Alba e San Salvador; e un vogal de cada un dos tres principais sindicatos (CCOO, UXT e CIG).

Nesta sesión constitutiva acordouse que a Comisión Especial manteña reunións trimestrais o primeiro luns do mes que corresponda polo que a vindeira reunión debería ser no mes de maio, despois das eleccións galegas.

Eva García repetiu a súa valoración “positiva” de que a Xunta de Galicia “estea representada porque sen eles esta Comisión Especial nacería moi coxa”. A alcaldesa sostén que



nesta Comisión Especial “a Xunta con palabras senón tamén cunha terá que comprometerse, non só partida orzamentaria”.

Concello e centros educativos coordinaron actividades para o alumnado porriñés a realizar ó longo deste ano

Representantes dos centros educativos do Porriño reuníronse coas concelleiras do goberno municipal, Lourdes Moure e Cami Moreira e persoal da OMIX para establecer a folia de ruta das actividades para o alumnado, a realizar ó longo deste ano. Programáronse ata catro actividades diferentes que abranguen tecnoloxías, información sobre saídas profesionais, emprendemento, mellora no uso de idiomas ata outras vencelladas con mocidade, igualdade, cultura e festas.

Destacar que estas propostas serán sometidas a opinión dos propios nenos, nenas e adolescentes no próximo pleno do consello municipal de infancia que se reunirá no mes de abril. E o

segundo “pleno infantil” do ano será o 20 de novembro Día Mundial dos Dereitos da Infancia.

En marzo terá lugar a primeira quenda da Feira Tecnolóxica para alumnos de 4º de Primaria de todos os CEIP. En maio será a quenda dos CPR “Santo Tomás” e “Hermanos Quiroga” e dos alumnos de “Aceesca”. En abril celebrárase “Bootcamp”, obradoiros adicados a axudar a elixir saída profesional ós alumnos de 4º da ESO que terán lugar en cada centro (“Hermanos Quiroga”, “Santo Tomás”, IES Pino Manso e IES Ribeira do Louro).

Entre outras actividades programadas polo Concello do Porriño e os representados da comunidade educativa, realizaranse “Ecopercusión” para alumnos de 5º e 6º de Primaria; “Pinta Muros”; “Pla-



netaria itinerante 3D” para alumnos de Infantil, Primaria e “Aceesca”; e “Cine 360º” con gallo dos 125 anos da primeira proxección, iniciativa que se fará coincidir coa Semana das Ciencias en novembro. E o 3 de decembro haberá unha especial celebración do Día da Discapacidade.

Tamén programáronse ó longo do curso diversas charlas sobre educación en valores; educación afectivo-sexual e emprendemento (adicada a alumnos de IES e ciclos de FP). Por outra banda repetirase a “Semana Branca”. O Concello do Porriño organizará un ano máis a visita de alumnos

á neve a un prezo subvencionado practicamente na súa totalidade pola Concellería de Educación.

Pola súa banda a Concellería de Cultura invitou ós centros educativos a colaborar nas diversas actividades vencelladas co Entroido, Maíos Festival de Cans, Feira Apícola, Samaín e campañas contra a violencia de xénero.

Ademais terán lugar os irmandamentos de alumnos franceses de Fronçac (que chegarán en marzo) e porriñeses (que viaxarán en abril).

Finalmente, a petición dos directores de centros vaise valorar traer unha compañía de teatro en inglés para alumnos de 5º e 6º de Primaria e 1º e 2º da ESO, como método de mellora da comprensión do inglés oral.

Inaugurada a remodelación da biblioteca do CEIP “Antonio Palacios”

Eva García, alcaldesa de O Porriño xunto coa concelleira de Educación, Lourdes Moure e o Xefe Territorial da Consellería de Educación, César Pérez Ares inauguraron a reforma da Biblioteca do CEIP Antonio Palacios.

O espazo replanteouse co novo mobiliario é unha “Zoa Maker” dotada con material informático e audiovisual, para atender as demandas dos 405 alumnos que actualmente están matriculados neste centro.



LOURIÑA

O PORRIÑO

O suministro eléctrico xa está restablecido nas instalacións municipais do Porriño

O Multusos de Torneiros, o Centro de Día de “AFAGA” e outras instalacións municipais teñen plenamente normalizado o suministro eléctrico. A empresa “Naturgy” restaurou o servizo despois da xestión da alcaldesa, Eva García que formulou unha queixa ante a dirección provincial da suministradora.

A empresa “cortou de xeito unilateral, abusivo e ilegal”, segundo valorou a alcaldesa, o abastecemento eléctrico en instalacións dependentes do Concello do Porriño que “teñen consideración de servizos esenciais tanto pola lexislación de regulación eléctrica como pola numerosa xurisprudencia existente”, afirmou.

Eva García lembrou que o goberno municipal e Naturgy están a manter conversas dende hai meses polas facturas emitidas pola eléctrica durante 2019 e 2020. Trátase dun asunto complexo porque “Naturgy” libra 150 facturas cada mes. No ano 2018, un 40% das facturas eran erróneas. No que atinxe a 2019, expediu 1.500 facturas ao Concello do Porriño. Esta cantidade complica e ralentiza a tramitación e comprobación aos funcionarios municipais.

Despois da reunión mantida na Alcaldía entre Francisco J. López, Delegado de Ventas de “Naturgy Iberia” e Eva García de la Torre,

alcaldesa de O Porriño, acordouse que:

A comercializadora “Naturgy Iberia S.A. intentará facilitar unha folla Excel con todas as referencias para que o Servizo de Intervención do Concello poida fiscalizar a facturación de 2019. O Concello, segundo teña verificadas as facturas, procederá ó seu recoñecemento e pago. E finalmente, na vindeira semana aboaranse as facturas pendentes deste exercicio de 2020.

Resposta ao PP

A alcaldesa valorou a posición do PP de Porriño como “paradóxica”; “Piden a miña dimisión porque non pagamos facturas e quero lembrar que este Goberno Municipal, con data 30 outubro aprobou en pleno ordinario, cos votos de PSOE, BNG, EU Son e UDDL, e cos votos en contra do PP, o pagamento dunha remesa de facturas de “Naturgy” dos exercicios de 2017 e 2018 por un importe global de 202.915,62 €. A alcaldesa engadiu que “o PP o que tería que facer é non alegrarse de situacións que prexudican ó Concello e poñerse a disposición para colaborar e atopar solución; en suma colaborar e non bloquear”. Eva García comparou a postura do PP coas reaccións de EU Son e UDDL que valorou como “impecables”.

Acordo unánime para desafectar as casas dos mestres de Torneiros para convertilas en vivendas sociais

O Concello do Porriño aprobará, co acordo unánime de todos os grupos políticos da Corporación, a desafección das antigas casas dos mestres de Torneiros para a súa conversión en vivendas sociais.

A proposta realizada no nome do goberno municipal bipartito polo concelleiro de Infraestruturas e Patrimonio, Pedro Pereira será levada a

pleno para a súa ratificación aínda que xa recibiu o respaldo dos restantes grupos políticos na reunión que celebrou a xunta de voceiros municipais. A alcaldesa Eva García engadiu que o proxecto de conversión en vivendas sociais podese acoller a unha liña de subvencións do 90% que establece o propio Instituto Galego da Vivenda e Solo.

O Concello intermediará para manter os usos sociais, culturais e deportivos de instalacións en Budiño cuia titularidade pasou á Comunidade de Montes

O Goberno do Porriño propónse intermediar para acadar unha solución a tres bandas que garanta o mantemento dos usos social, cultural e deportivo de instalacións en Budiño cuia titularidade pasou a mans da Comunidade de Montes.

As cinco entidades de Budiño afectadas son: Centro Recreativo de Mosteiro; Centro Social e Cultural A Cruz; Asociación Cultural A Lagaoa de Or-

benlle; Asociación de Veciños A Tapada de Cerquido e Club de Fútbol San Salvador de Budiño.

As instalacións, que todos eles utilizan, estaban en terreos do Concello que se encargaba de obras e mantemento nas mesmas. Pero por unha resolución do Xurado de Montes de 26/3/2019, a titularidade dos mesmos pasou a Comunidade de Montes de Budiño.

Óptica mahen
mahen audioprótesis
Ópticos desde 1939



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

P O N T E A R E A S

r ú a s e n é n c a n i d o , 4

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

8m
2020

**POR NÓS,
POR TODAS**



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



AXENDA
2030

LOURIÑA

SALCEDA

A Xunta remata o mandato sen recibir á alcaldesa de Salceda

O equipo de goberno de Salceda, coa súa alcaldesa Loli Castiñeira á cabeza, ven de facer pública a situación que consideran discriminatoria por parte da Xunta de Galicia, que mantén sen contestación as múltiples citas pedidas dende o Concello con diferentes conselleiras para tratar temas de importancia para Salceda, resposta que se presenta aínda máis difícil unha vez que se veñen de convocar eleccións autonómicas.

Así, por unha banda, o equipo de goberno ten pedido xa en tres ocasións xuntanza coa Conselleira de infraestruturas e mobilidade, Ethel Vázquez Mourelle, para tratar sobre os enlaces da Gándara e a Lagoela co casco urbano, así como do saneamento das parroquias de Soutelo e Entenza, obras fundamentais para o Concello de Salceda, sen que ata o día de hoxe se teña nin tan sequera dado resposta ás solicitudes de xuntanza enviadas dende o mes de outubro.

Tampouco a Conselleira de educación, Carmen Pomar Tojo, ten a ben dar resposta ás solicitudes de reunión enviadas dende fai máis dun mes. O equipo de goberno

optou por pedir as reunións directamente coa conselleira logo de que o xefe territorial, César Pérez Ares, tampouco dese resposta ás múltiples solicitudes de reunión enviadas ao longo da lexislatura pasada e tamén na lexislatura actual. Son moitos os temas relativos á área de educación que están sobre a mesa, sen que ata o de agora fose posible o seu tratamento ante a falla de resposta da conselleira: situación do CEP Altamira, necesidade de patio cuberto no CRA Raíña Aragonta, necesidade de ampliación e de implantación de bacharelato no IES Pedras Rubias, etc.

Dada a situación, o equipo de goberno (MS e PSOE) chega á conclusión de que a cor política está a influír neste silencio por parte da Xunta de Galicia, pois cada día se están a publicar nos diferentes medios de comunicación multitude de xuntanzas entre a Xunta e os diferentes Concellos, sen que o Concello de Salceda de Caselas poida optar a algunha desas xuntanzas.

Verónica Tourón, tenenta de alcaldesa, lamentou a actitude da Xunta de Galicia, agardando que “a Xunta non se limite á



xa habitual visita de campaña a Salceda sen tratar os problemas reais da veciñanza. O Goberno municipal de Salceda é o lexítimo representante dos e das salcedenses, e non recibir ó Goberno é o mesmo que non recibir á veciñanza”

Loli Castiñeira, alcaldesa de Salceda: “non nos queda outra que facer pública esta situación que consideramos discriminatoria, agardando que deste xeito as

conselleiras teñan a ben atender as nosas solicitudes. A veciñanza de Salceda é igual de importante que a dos demais municipios galegos, sexa cal sexa a súa cor política, e este goberno non vai deixar de loitar pola defensa dos seus intereses. O Presidente da Xunta ven de convocar eleccións autonómicas, o cal non pode ser excusa para deixar sen atender as múltiples citas solicitadas.”

O remendón
CERRAJERO 

- Apertura de portas
- Cambios de cerraduras
- Mantenimento de comunidades
- Duplicado de llaves y telemandos
- Automatismos
- Amaestramiento bombillos
- Reparación de calzado

Rosalía de castro, 61
Salvaterra de Miño

637 764 865
www.cerrajeroremendon.com

 **O noso Eido**

Especialidades en: Angelas e lampreias, Paves do Río, Chocón a Francha, Bacalao e Kikos a brasa.

RESERVAS: Ana 651 040 534 Coke 646 424 968
Telf: 906 658 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATERRA DE MIÑO (PO)

 **milfollas**

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

LIMPIEZAS
PONTEAREAS

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

Talleres
Guiller Motor 

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATERRA (Pontevedra)

Venta de vehículos usados

Tel/Fax 986 66 15 41

(SPG)
TALLERES

REFORZO ESCOLAR - IDIOMAS - TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA - TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS **MATRÍCULA GRATUITA**

CENTRO DE ESTUDIOS

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de infantil, Primaria, ESO e BACH

 **Reveriano Soutullo, 3 - T B**
Tel: 654 07 57 51

A Xunta non informa a Salceda do novo Plan de Transporte

O Concello de Salceda de Caselas ven de manifestar a súa preocupación ante a falta de información por parte da Xunta de Galicia así como da empresa adxudicataria dos horarios de autobús que existirán no municipio a partir do vindeiro 24 de febreiro, día en que se producirá o cambio de empresa, pasando a pertencer o servizo a Monbús.

A día de hoxe o Concello non ten ningún tipo de comunicación onde se informe do cambio de empresa nin dos posibles cambios de horarios que poidan existir, feito que preocupa especialmente, conscientes dos graves problemas que poden carrexar estes posibles cambios á veciñanza ante este total descoñecemento da situación.

O Concello ten xa solicitado á Dirección Xeral de Mobilidade toda a información que poida facilitarse do novo servizo, sen que a día de hoxe se teña recibido resposta. Lamentan dende o Concello que a Xunta non tivese a ben informar



coa antelación suficiente tanto ás persoas afectadas como ao Concello, por ser a administración máis próxima ás persoas usuarias.

Lucía Pereira, Concelleira de transporte: "A nosa preocupación por esta situación é absoluta, e lamentamos profundamente non

poder facilitar información á veciñanza. Só nos queda agardar que a partir do luns non se produzan situacións que prexudiquen ás persoas usuarias do transporte público, e agardamos que dende a Xunta de Galicia se nos facilite información canto antes para poder trasladala á veciñanza"

José Trillo, veciño centenario da parroquia de Cela



O Concello de Mos e a parroquia de Cela suman un novo veciño centenario. Trátase de José Trillo Figueroa, que celebrou o seu 100 aniversario o pasado 19 de xaneiro.

O Señor José, que recibiu esta semana a visita da alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, e do concelleiro de Cela, Gonzalo Alonso, para felicitalo, é pai de 9 fillos (5 mulleres: Josefa, Carmen, Gloria, Consuelo e Anunciación, e 4 homes, -un deles xa falecido-: Floriano, José, Serafín e Manuel). E ten xa 19 netos e 26 biznetos.

José Trillo naceu no barrio do Covelo, en Arufe-Cela, e adicouse profesionalmente ao as-

faltado de estradas.

O 9 de Maio de 1945 casou con Anunciación Táboas Lorenzo, nai dos seus 9 fillos e á que lle gustaba moito camiñar. José enviuvou de Anuncia fai xa 34 anos.

A día de hoxe o Señor José é un home moi activo, que le o xornal todos os días sen gafas e gústalle ver os partidos de fútbol. Os sábados e os domingos vai xogar a partida de cartas e todos os domingos vai á Misa á Igrexa de San Pedro de Cela. É moi sociable cos seus veciños, quenes o definen como moi boa persoa.

Despois de ser testemuña de todo un século, José Trillo Figueroa ten moita historia ás súas costas: estivo en dúas guerras, indo a Rusia voluntario.

casa ferreira
Venta: Jamones, Quesos y Vinos - Productos Típicos
JAMON DE TERUEL BAJO EN SAL
C/. Fdez. de la Vega, 6
36860 PONTEAREAS Teléf. 986 641 554
charcasferreira@hotmail.es

Paula Méndez
ESTILISTAS
Teléf. 986 64 26 63
C/ Rosalinda González, 13 - 1º - 36860 PONTEAREAS

AGRICOLA COMERCIAL
CARRERA, S.L.
Avda. Fermín Bouze Brey, 7
36860 - Ponteareas
carrera.comercial@hotmail.com
Teléf.: 986 641 899
986 642 573
STIHL **VIKING**
Grillo

centro engloba
atención temprana · logopedia · psicología
terapia ocupacional · aulas pedagógicas
aulas psicopedagógicas
Vidales Torré, 16
PONTEAREAS
986 162 118
info@centroengloba.com
www.centroengloba.com
C-36-032670

Café La Calle
Heladería - Cervecería - Coctelería
Ambiente agradable
Rúa Rosalía de Castro, 9 - PONTEAREAS

PINTURAS
BARCO LEÓN
PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES
Los precios más baratos del mercado
PINTAMOS SU CASA . PÍDANOS PRESUPUESTO
Paseo Matutino, 2 . 986 650 920 - 694 421 045 . Ponteareas
Villanueva, 18 . 986 651 145 - 609 366 364 . A Cañiza

conssem
CONSTRUCCIONES
DELEGACIÓN DE GALICIA
MODIKO
CONSEJO REGULADOR
OBRA NUEVA · REFORMA · REHABILITACIÓN · PROYECTOS
GESTIÓN Y FINANCIACIÓN · COMPRA-VENTA DE INMUEBLES
Morales Hidalgo, 4 Bajo 36860 PONTEAREAS · T. 986 04 51 51

CONDADO/PARADANTA

Ponteareas incorpórase á VI Semana Cultural de Convergências Portugal-Galiza

Esta iniciativa que se desenvolve en Santiago, Padrón, Braga e Ponteareas ofrece un amplo programa de actividades culturais

Ponteareas foi un dos poucos concellos seleccionados para participar na VI Semana Cultural de Convergências Portugal-Galiza que homenaxeará a Rosalía de Castro e a Zeca Afonso do 23 de febreiro ao 1 de marzo cun amplo programa de actividades culturais que se desenvolverán en Santiago, Padrón, Ponteareas e Braga e que fornecerá os vínculos culturais dos dous lados da raia.

O concelleiro de Cultura e tamén concelleiro de Lingua, Fernando Groba, participou onte na presentación desta sexta edición na cidade portuguesa de Braga, Capital Europea da Cultura 2020.

Unha das novidades deste ano é a duración da programación, que se estende ao longo dun mes, e a incorporación do noso concello a esta iniciativa. A pro-

gramación comprenderá a celebración de concertos, ciclos de cine, coloquios, teatro e presentacións literarias e xa comezou o pasado día 8 en Braga, onde dentro do marco de Convergências teñen lugar as actuacións de Amancio Prada e Uxía, o grupo de baile Tequexeteldere e a Escola Municipal de Artes Escénicas da Estrada.

A última fin de semana de febreiro esta iniciativa recala en Ponteareas e Santiago de Compostela. Así na nosa vila o venres 28 de febreiro ás 21:30 horas terá lugar o concerto Fado Convergente no auditorio municipal con Artur Caldeira á guitarra portuguesa e Daniel Paredes á viola de fado acompañados das fadistas Ana Lains de Lisboa e Iria Esteves do proxecto musical Clave de Fado e coas colaboracións especiais de Catarina Araujo e Miguel



Sérgio Mirra, cantautor; Filipe Cunha, director artístico do grupo Canto D'Aqui; Xaime Torres, membro de Canto D'Aqui; Vereadora de Cultura da cámara de Braga, Lidia Dias; Concelleiro de Cultura de Ponteareas, Fernando Groba; Carlos Pazos, director do Centro de Estudos Galegos de Braga; Fernando Pena, membro de Canto D'Aqui e membros de Canto D'Aqui.

Oliveira. O sábado día 29 ás 20 horas concerto da Orquestra de Sopros do conservatorio de Ponteareas e do grupo Canto D'Aqui de Braga. Pola súa banda en Santiago o venres na Casa das Crechas terá lugar o concerto de Sérgio Mirra: Trio. No Teatro Principal da capital galega o trío

compartirá escenario co Grupo Poesis o sábado 29.

O 1 de marzo será a Casa Museo de Rosalía a que acollerá o acto de peche do evento que reunirá tres actuacións musicais.

Esta iniciativa, na que colaboran a Xunta de Galicia, desde o Centro de Estudos Galegos da

Universidade do Minho, a formación bracarense Canto D'Aqui, os concellos de Santiago, Padrón e Ponteareas e a Fundación Rosalía de Castro, enmárcase nas accións de desenvolvemento da Lei 1/2014 para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.

A C. M. de Ponteareas e a Clínica Alsana plantarán 365 frondosas na Picaraña

Seguindo coa colaboración iniciada no 2018, a Clínica Alsana de Ponteareas patrocinará de novo as árbores para a plantación deste ano no monte comunal de Ponteareas. Pola súa banda, a comunidade de montes, se encargará de preparar o terreo e facer os buratos.

A zona a recuperar no proxecto de Alsana "Unha árbore, unha vida", é a mesma pola que entrou o lume no ano

2017. Grazas as tarefas de limpeza, eliminación de eucaliptos e plantación de frondosas, a área arredor das Chans en nada se parece ao que se queimou hai case 3 anos.

A comunidade de montes de Ponteareas convida a todos os que queiran participar nesta actividade, a subir á Picaraña a partires das 4 da tarde do sábado 28 de marzo. Despois do traballo haberá pinchos para os colaboradores.

Día da Árbore 2020

Comunidade de Montes de PONTEAREAS

Sábado, 28 de marzo, nas CHANS

Continuamos co "Proxecto Árbore: unha árbore, unha vida", iniciado no 2018 pola Clínica Alsana. Consistirá en plantar 365 árbores frondosas no monte comunal, para mudar a paisaxe e facer un cinturón de protección fronte aos lumes. A partires das 4:00 da tarde. Trae un legón, saclo ou pala e planta con nós!

Ao remate tomaremos un "pincho"

Patrocina: **Clínica Alsana** Tu Clínica Dental

Zelmaire Vique - C/ Sopena nº 4 - Tlf: 91 846 76 88
Fonmármol - Avda. Carreiros nº 61 - Tlf: 981 64 21 13
www.clinicasalsana.com

As Neves ampliará o Centro de Saúde

O Servizo Galego de Saúde (Sergas) contará dende Semana Santa con espazo para ampliar o Centro de Saúde de As Neves, unha vez que as cativos e cativas da actual Escola Infantil da Galiña Azul se vaian para a nova gardería, situada a carón do CEIP Marquesa do Pazo da Mercé, que estará rematadas nesas datas.

Así o comprobou o xerente da Área Sanitaria de Vigo, Julio García Comesaña, quen se desprazou ata As Neves para comprobar o estado do centro de saúde e manter unha xuntanza, que fora solicitada polo alcalde, Xosé Manuel Rodríguez Méndez, e pola concelleira de Benestar, Pilar González Casas.

O alcalde inspeccionou co xerente o estado do centro de saúde, no que o Concello realizou unha serie de obras, e melloras, coma a pintura das instalacións, tratamento de humidades, colocación de azulexos, substitución de marcos e a apertura dunha porta para comunicar a consulta de Pediatría e a de Enfermería, "que era unha solicitude que fixeran



O xerente da Área Sanitaria de Vigo, Julio García Comesaña, visitou As Neves.

os responsábeis e profesionais do centro hai máis de 8 anos".

Os representantes locais, que agradeceron a visita do xerente e cualificaron a entrevista con Julio Comesaña de "moi fluída, cordial e proveitosa", expuxéronlle a intención de que o espazo que deixa libre a escola infantil, se destine a aumentar a superficie da zona de Pediatría e comprometéronse a remitirle, por escrito, un adianto do proxecto a desenrolar, inmediatamente despois do traslado da gardería ao seu novo destino.

Na mesmas reunión, o alcalde e a concelleira aludiron aos problemas que ten o centro de saúde no que se refire á substitución das baixas dos médicos de Atención Primaria-que o pasado mes de xullo causara ata 20 días de espera para consulta- e no servizo de Pediatría, que "se repiten dende hai varios anos" e que o xerente da Área Sanitaria asegurou que tentaría solucionar á maior brevidade, considerando as dificultades que, como explicou, hai na actualidade para atopar médicos.

Próxima reparación das sendas fluviais do Tea en Mondariz

Na última sesión ordinaria do Pleno, a Corporación Municipal de Mondariz aprobou por unanimidade un convenio de colaboración entre o concello e a entidade pública empresarial Augas de Galicia para a reparación das sendas fluviais dos ríos Tea e Xabriña que resultaron danadas polas riadas de 2016.

O convenio, valorado en 86.964,93 €, foi pechado conxuntamente polos concellos de Mondariz e Ponteareas nos últimos meses, despois de varios intentos frustrados de acadar un acordo. Augas de Galicia, que xa executara as obras de creación das sendas fluviais entre Mondariz e Ponteareas en 2013, farase cargo da reparación, eliminando elementos estruturais danados para devolver a un estado máis natural aquelas zonas da ribeira do río que se ven afectadas anualmente polas riadas.

"Este convenio favorece a recuperación dos entornos na-



turais do río Tea e da desembocadura do Xabriña. Agardamos que estas obras de reparación poidan ser completadas este ano, preferiblemente antes do verán, xa que as sendas fluviais son moi importantes para promover a actividade física da veciñanza e o propio turismo de natureza en Mondariz", comenta o alcalde, Xosé Emilio Barros.

O mantemento e a limpeza da senda fluvial corre a cargo do Concello de Mondariz, que xa está planificando estas labores.

Os alcaldes de Arbo e As Neves falan co Ministerio para a Transición Ecolóxica sobre a linea de alta tensión

Os alcaldes de Arbo, Horacio Gil, e de As Neves, Xosé M. Rodríguez estiveron en Madrid co Director Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio para a Transición Ecolóxica, Ismael Aznar Cano, para tratar o paso da liña de alta tensión por estes concellos.

Ambos alcaldes expuxéronlle ao Director Xeral o rexeitamento das dúas corporacións e da veciñanza de Arbo e de As Neves a esta iniciativa e ao recente estudo de tratado alternativo proposto á mesma.

De acordo coa información de Red Eléctrica Española, circularían máis de 400.000 vol-

tios, pasarían por Fontefría, en A Cañiza, e entrarían en Portugal, moi preto de vivendas dos dous concellos, algo moi prexudicial para as persoas e o territorio.

O director xeral adquiriu o compromiso de convocar unha reunión entre os Concellos de Arbo e As Neves, representantes de Red Eléctrica Española e do propio Ministerio de Transición Ecolóxica, despois de estudar as propostas formuladas polos concellos e por colectivos de Arbo e As Neves. Tamén consultará con Rede Eléctrica outras opcións a ese tendido tendo en conta a oposición que suscita.

O alcalde da Cañiza reuníuse coa Conselleira de infraestructuras e mobilidade

Luis Piña puxo enriba da mesa o proxecto de conexión entre a estrada Cañiza-Creciente con Cañiza-Filgueira xa que a súa execución é de máxima importancia xa que permitiría desconxestionar e eliminar o tráfico pesado do casco urbano. Existe a posibilidade real de que en 2020 se poida facer unha contratación menor para realizar un proxecto de viabilidade.

Tamén trataron un dos temas máis importantes para A Cañiza. A problemática da AUGA potable de consumo humano que abastece o casco urbano. Desde a Alcaldía búscase a correcta xestión da auga, desde as nacentes e captacións así como a mellora da distribución da rede de abastecemento. Por iso faláron de construír unha nova ETAP (estación de tratamento de auga potable) para a mellora do sistema de



abastecimento cunha captación no río Deva que conectaría, impulsada por unha estación de bombeo, ao longo de 3 quilómetros cunha estación de tratamento de auga proxectada na contorna do depósito de Augas Férreas.

O Presupuesto desta obra é de 1.678.451,43€ porén a Xunta facilitará unicamente 600.000€ do total, obrigando ao consistorio a dispor dunha liquidez que na

actualidade non ten.

Tamén faláron da necesidade de mellorar as frecuencias horarias das rutas do servizo público de transporte de viaxeiros na Cañiza. A mellora e ampliación horaria das rutas de Vigo, Ourense, Cui e Hospital Alvaro Cunqueiro son algunhas das prioridades da Cañiza, como tamén a ruta que discorre paralela ao Miño desde A Cañiza-Valeixe-Arbo-Vigo.

BAIXO MIÑO

O Rosal e Cerveira estreitan lazos

Alcaldesa do Rosal, Ánxela Fernández, visitou ao presidente da cámara municipal de Vila Nova de Cerveira, Fernando Nogueira, para a presentación institucional destes dous concellos veciños que contan cunha fronteira común. Trátase da primeira reunión institucional entre ambos os dous mandatarios, na que Nogueira e Fernández destacaron o potencial dos dous municipios, territorios que contan con algunhas complementariedades fortalecidas pola súa proximidade xeográfica e polas posibilidades que ofrece a cooperación transfronteiriza.

Esta reunión supón o punto de partida para esa colaboración transfronteiriza e para o desen-



volvemento de accións de futuro nas que os dous municipios traballen conxuntamente. Ambos mandatarios destacaron a importancia de tecer lazos entre as veciñanzas dos dous concellos e de aproveitar as potencialidades de cada un, como o destacado

papel que xoga o tecido asociativo no Rosal.

Ánxela Fernández convidou ao presidente da cámara de Cerveira a visitar o Rosal en próximas datas e así continuar traballando nas relacións transfronteirizas entre ambos concellos.

Seis percorridos no Circuito das Andainas Saudables da Eurocidade Tui-Valença

Seis percorridos conforman este 2020 o Circuito de Andainas/Trilhos Saudables da Eurocidade Tui-Valença. Dende 2012 estase a desenvolver esta iniciativa que anualmente realiza diversas propostas para percorrer sendas tanto en Tui coma en Valença. As andainas está organizada pola Eurocidade Tui-Valença xunto aos clubs Club AndaTui Rego da Pedra e Club Celtas do Minho.

O calendario previsto para este 2020 é o seguinte: 15 de marzo: Trilho da Lampreia; 19 de abril: Andaina de San Telmo; 26 de abril: Trilho da Fortaleza; 18 de xullo: Ruta do Aloia ao Faro; 8 de agosto: Andaina Histórica de Tui; 5 de setembro: Balcóns do Aloia

Para participar nas andainas

é preciso inscrición previa no formulario dispoñible na web www.andatui.es para cada un dos percorridos ou no enderezo electrónico caminhadas.andainas@gmail.com. O prezo para cada andaina/trilho é de 6 euros por persoa, sendo de 4€ para os menores de 14 anos.

Camiño Portugués entre Porto e Tui

Por outra parte a Eurocidade Tui-Valença volve a organizar a realización do Camiño Portugués a Santiago por etapas. Este ano será no tramo dende Porto até Tui en cinco domingos nos meses de maio, xuño e xullo. O calendario establecido é o seguinte: 10 de maio: Oporto - Vilarinho (25 quilómetros); 24 de maio: Vilarinho - Barcelos (26 quilómetros); 7 de xuño: Barcelos -

Vitorino de Piães (22 quilómetros); 5 de xullo: Vitorino de Piães - Agualonga (27 quilómetros) e 26 de xullo: Agualonga - Tui (25 quilómetros).

As inscricións para a realización do Camiño Portugués Porto-Tui poden realizarse na web www.andatui.es até completar as 50 prazas ofertadas. O prezo por persoa é de 25€ incluíndo o transporte, froita e auga en cada etapa.

Estes dous proxectos – o Circuito de Andainas Saudables e a realización do tramo Porto-Tui do Camiño Portugués – contan co financiamento do programa Interreg España Portugal, ao igual que o conxunto das actividades do Calendario Deportivo da Eurocidade Tui-Valença no marco do proxecto Unicidade 2020.

Concello e adegueiros reúnen para preparar unha nova edición da Feira do Viño do Rosal



Alcaldesa do Rosal, Ánxela Fernández, reuniuse a semana pasada con representantes dos adegueiros e adegueiras da contorna para comezar a traballar de forma conxunta na vindeira Feira do Viño do Rosal, que este ano 2020 celebra a súa XXVIII edición. Durante o encontro comezaron a sentarse as bases para introducir e implantar melloras nesta festa de interese turístico, sempre dende unha perspectiva de “estreitar lazos de colaboración e seguir a liña de traballo marcada para conseguir que a Feira do Viño non soamente manteña

a súa calidade, senón que a incremente ano a ano”, salientou Fernández.

A XXVIII Feira do Viño do Rosal celebrarase os vindeiros 17, 18 e 19 de xullo a Praza do Calvario, tres días nos que a exaltación do viño rosaleiro e dos produtos típicos da zona convivirán con un amplo programa lúdico para todos os públicos. A DO Rías Baixas subzona do Rosal conta cun gran recoñecemento por parte de profesionais do sector e consumidores grazas a especial mestura da uva albariño con variedades propias da comarca como a loureira, a treixadura ou o caíño branco.

O Concello organiza un curso de cociña de pratos de culler con produtos de tempada



O Concello do Rosal organiza para o mes de marzo un curso de cociña no que se aprenderá a facer pratos de culler aproveitando os recursos da zona e produtos propios da tempada de inverno. O curso celebrarase todos os luns do mes (2, 9, 16, 23 e 30 de marzo) en horario de mañá, de 09.30 a 12.00 horas, na cociña municipal

situada fronte ao pavillón.

O curso, dirixido a todos os públicos e con 12,5 horas totais de duración, terá un custo de 35 euros por persoa. O prazo de inscrición xa está aberto. Prazas limitadas.

Todas as persoas interesadas en participar nesta iniciativa poden pedir máis información no teléfono 986 625 000

O PP de Tui reclama un mantemento do novo pavillón de deportes

O Partido Popular de Tui reclamou medidas urxentes para poñer freo ao progresivo deterioro que sofre o Pavillón Municipal de Deportes. Segundo o PP, esta degradación das instalacións están provocadas pola desidia do goberno e a falta de persoal que as atendan.



O Concello de Tui cede temporalmente a Sala Xacobeo para a instalación provisional da Oficina do ORAL en Tui

O Concello de Tui cederá con carácter temporal e transitorio a Sala Xacobeo da Área Panorámica á Deputación de Pontevedra para a instalación, durante un máximo de 6 meses, da oficina do ORAL na cidade.

A oficina do organismo de recadación dependente da institución provincial, está pechada temporalmente en Tui nestes momentos debido a problemas

de humidades que rexistraba o inmoble e que se viron agravados coa inundación sufrida o pasado mes de decembro.

O traslado da Oficina do ORAL á Sala Xacobeo realizarase mentres non se completa por parte da Deputación o arredamento dun local na cidade, para o que xa iniciou os trámites de contratación por vía de urxencia.

Coa cesión deste local na Área Panorámica o Concello de Tui

quere colaborar no mantemento deste servizo na cidade mentres non conta a oficina cunha instalación definitiva.

A Deputación instalará nas dependencias cedidas o mobiliario e equipo informático preciso e o mobiliario, e dará conta ao seguro de responsabilidade do cambio de uso provisorio da ubicación do ORAL en Tui.

A oficina abriu xa no novo emprazamento o pasado luns.

O 3 de marzo comeza o Club de Lectura Feminista Tempo de Mulleres

O martes, 3 de marzo, comezará a súa actividade en Tui o Club de Lectura Feminista "Tempo de Mulleres". Será ás 19 h na Área Panorámica. É unha iniciativa da concellería de Igualdade do Concello de Tui en colaboración coa Biblioteca Municipal. Reunirase cada primeiro martes de mes, de 19 a 20.30 h, até xuño

e estará dinamizada pola escritora, catedrática de lingua e literatura galega e referente do feminismo en Galicia, M^a José Queizán.

A actividade vai dirixida a mulleres, que comentarán e intercambiarán opinións sobre un mesmo libro previamente lido, analizando diferentes textos literarios, a súa trama, o seu contido, as

súas expresións, etc. "Trátase de crear un espazo compartido onde o feminismo poida enriquecer a vida das mulleres" explica a concelleira Ana María Núñez.

As mulleres interesadas poden inscribirse, de forma gratuíta, no correo electrónico biblioteca@tui.gal ou no teléfono 617 498 103, até completar as quince prazas ofertadas.

"Cantos Somos" gañou no entroido de Tui e "Pexegueiro" á mellor carroza

A recreación das festas de San Bartolomeu do ano 1978 realizado pola comparsa Cantos Somos é a gañadora do desfile concurso de Entroido en Tui. Unha comparsa que levou tamén o primeiro premio en acompañamento musical pola súa emulación da orquestra Iberia. Amais as carrozas que presentaron coa igrexa, o palco e o cruceiro de San Bartolomeu, e outros elementos da parroquia, valeulles o terceiro premio en carrozas.

A estrea da película Aladdin foi o tema elixido pola comparsa da Asociación Entroido de Pexegueiro que foi a gañadora en carrozas coa súa creación dunha lámpada co xenio. Amais foron



os segundos na categoría absoluta e tamén en acompañamento musical.

O terceiro premio na categoría xeral foi para "Picoña por España" da Asociación Cultural En Loureiro Coma Sempre de Salceda que gañou tamén o segundo premio en carrozas.

O premio na categoría de Fantasía foi Terra de Condes de Redondela cunha recreación inspirada no fondo mariño.

Miles de persoas ateigaron as rúas de Tui para presenciar o desfile concurso no que participaron finalmente un total de 12 comparsas.

Os Socialistas pontevedreses acusan á Xunta de desvirtuar o Plan Marco de arranxo de camiños rurais cun recorte acumulado do 68%

Os socialistas da provincia de Pontevedra denuncian que coa nova rebaixa deste ano, os recortes acumulados no Plan Marco, destinados a subvencionar o arranxo de camiños rurais por parte dos concellos, alcanza xa o 68% dende o ano 2016. Isto está a afectar á totalidade dos municipios e moi especialmente aos máis pequenos e rurais.

O secretario xeral dos socialistas pontevedreses, David Regades, denuncia o proceder da Xunta de Galicia pois considera que hai trato de favor para os concellos gobernados polo PP. Regades afirma que non hai rigor nin imparcialidade á hora de recibir a todos os alcaldes, e que segundo sexa a cor política dos municipios estes son mellor ou peor atendidos e obteñen ou non partidas orzamentarias. Algo que el considera está no ADN do PP e ten un nome: "caciquismo".

Os criterios de reparto do Plan Marco páctanse coa FEGAMP, e gracias a isto os concellos dispoñen dunha asignación predeterminada na convocatoria da subvención en función da súa poboación, dispersión, territorio e índice de avellentamento. Porén, a Xunta decide a contía que destina ao Plan e nestes últimos anos non fixo outra cousa que reducila. Así o Plan pasou de 20 millóns de euros no 2016 a 8 millóns de euros en 2017 e, finalmente, queda en só 6 millóns de euros anuais para o bienio 2020-2021. Se tomamos como referencia a provincia de Pontevedra, baixouse de 3,8 millóns de euros a 1,2 millóns de euros para este ano.

Para o secretario xeral socialista este feito é inadmisíble e esixe da Xunta que concentre na Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e no Plan Marco todas as partidas destinadas ao arranxo de camiños rurais municipais e elimine todo o que está a repartir pola porta de atrás a través dos orzamentos



da Vicepresidencia e das consellerías de Medio Rural, Infraestruturas e Medio Ambiente, "auténticos chiringuitos clientelares para dopar ás Alcaldías do PP".

O responsable dos socialistas pontevedreses engade que a Xunta fai caciquismo cos fondos europeos, pois o Plan Marco conta cunha subvención Feader dun 75% e outra do Goberno do Estado dun 7,5%. De feito a Xunta achega pouco máis dun millón de euros de fondos propios sobre o total de 6 millóns que se reparten este ano en toda Galicia.

David Regades subliña que estas "trapalladas" da Xunta de Galicia súmanse á conxelación do Fondo de Cooperación Local, que leva varios anos reducido ao 2,3% da recadación tributaria galega, "cumprindo así con evidente desgana a obriga constitucional de repartir parte dos tributos que recada a Xunta entre as entidades locais". "A Feijoo gústalle moito protestar tódolos días polo IVE estatal que lle deixou a deber Montoro, pero non lle gusta nada que os concellos lle esixan o que constitucionalmente lles pertence dos tributos autonómicos".

Regades recalca que os propios Orzamentos da Xunta confirman este esquema clientelar no financiamento local, pois dos 401,9 millóns de euros destinados a transferencias aos concellos nas Contas deste ano só 112,9 engrosan o FCL.

BAIXO MIÑO

A GUARDA

O BNG denuncia a pasividade do Alcalde na subsanación nos erros da rúa San Caetano

O BNG denuncia que catro semanas despois e cun estado das obras bastante avanzado, as correccións prometidas non existen e todo apunta a rematar cun parche de última hora.

Dende o Bloque Nacionalista Galego considérase que esta actitude do goberno municipal atende á desgana e lixeireza co que o PSOE toma as obras de humanización dunha rúa que leva catro anos de atraso.

Para os nacionalistas é incomprendible presumir de ter proxecto de Vila cando logo fan "changuiñas" por tramos sen ter redactado un proxecto integral da rúa como se tiña acordado en Pleno xa no 2016 a instancias do BNG.

É escandaloso ver como non



se contemplan retranqueos que lle dan amplitude a rúa, o surrealismo chega ata o extremo de que a veciñanza catro anos despois aínda non sabe como vai quedar a futura Praza-miradoiro de San Caetano e o enganche con circunvalación.

"O acordo Plenario de 2016

foi redactar un proxecto da rúa para logo executar por tramos. A realidade é que o Psoe volve a facer unha reinterpretación dos seus acordos que acaba no desconcerto dunha veciñanza farta dos incumplimentos socialistas" apunta o voceiro nacionalista Anxo Baz.

Talleres sobre prevención das condutas aditivas no IES A Sangriña



A Asociación Érguete Baixo Miño informa que dende xaneiro esta levando a cabo actividades sobre a promoción da saúde e a prevención das condutas aditivas no I.E.S A Sangriña de A Guarda.

Trátase do programa denominado Non Pasa Nada, ¿Pasa Algo? que conta cunha ampla traxectoria de execución neste centro educativo e que está dirixido ao alumnado de 3º da ESO. Este taller atópase financiado pola Consellería de Saúde, Dirección Xeral de Saúde Pública, Servizo de Prevención de Condutas Aditivas e pola cota dos socios e socias da en-

tidade.

A finalidade do programa é a de reducir a incidencia dos diversos problemas sociosanitarios relacionados co consumo e/ou abuso de drogas, incrementando os factores de protección e promovendo a adopción de estilos de vida saudables.

Esta acción está dentro da carteira de servizos que a Asociación Érguete Baixo Miño, ofrece de forma altruísta e dende hai moitos anos no ámbito escolar e que ano tras ano ten moi boa acollida tanto nos centros educativos da comarca como por parte dos mozos e mozas aos que vai dirixido.

O BNG solicita unha reunión de portavoces polo peche do ISM e Capitanía Marítima

O portavoz municipal do BNG, Anxo Baz, presentou un escrito solicitando unha reunión de portavoces, ante as noticias preocupantes que practicamente da o peche á oficina do ISM e á Capitanía Marítima.

A desaparición destas oficina, vai obrigar a mariñeiros e familias

a ter que desprazarse fora da Guarda para facer trámites administrativos que até agora se viñan facendo aquí.

Para o BNG é fundamental un posicionamento de todas as formacións políticas para, da man das organizacións pesqueiras, esixir ás Autoridades pertinentes a toma en consideración a locali-

zación da Guarda e do servizo que realiza á poboación tanto da Guarda como do Rosal e Oia.

Os nacionalistas, presentaron unha iniciativa no Parlamento Galego, por medio da deputada do BNG Montse Prado, esixindo ao goberno galego e ao goberno español que actúen para resolver esta situación.



A Guarda mellora o entorno dos colectores soterrados do Porto

O Concello da Guarda procederá ao acondicionamento do entorno dos colectores soterrados do porto da Guarda, unha actuación coa que se limitará o impacto visual dos mesmos dende a zona peonil e de terrazas, á vez que se mellora o sistema de recollida por parte dos operarios.

O proxecto inclúe a ampliación do muro existente cun banco corrido das mesmas características, incorporando un respaldo de madeira tropical.

Na parte rodada facilitarase a recollida do lixo por parte dos operarios, creando unha zona de carga e descarga destinadas para este uso, sen necesidade de que o vehículo de recollida de lixo teña que circular pola rúa peonil,



limitando as molestias para os peóns e para os establecementos e vivendas da zona.

Estes traballos terán unha duración aproximada de 20 días e contan xa coas autorizacións per-

tinentes de Portos de Galicia.

Esta actuación permitirá tamén mellorar a imaxe da vila de cara aos milleiros de visitantes e turistas que pasan cada ano por este espazo portuario.

Anteproxecto para a Senda de circunvalación ao Monte Santa Trega

Este xoves día 27 de febreiro ás 19:30h o local da Entidade Local Menor de Camposancos acolle a presentación do Anteproxecto para a Senda de circunvalación ao Monte Santa Trega, un acto aberto a toda a cidadanía e que contará coa presenza do Alcalde da Guarda, Antonio Lomba, o Concelleiro de Infraestruturas e Mobilidade, Miguel Español, e o técnico responsable da empresa que redactou este anteproxecto.

A PO-352 é sen dúbida algunha unha das principais arterias de comunicación da Guarda, basta dicir que é a única conexión entre o casco urbano da Guarda e a Parroquia de Camposancos, tanto polo Oeste como polo Este, amén de subliñar que

conduce a todas as praias fluviais da nosa vila.

Con estas referencias resulta fácil entender que o tráfico rodado que soporta, sobre todo en época estival, é moi considerable. Ao mesmo tempo, e dado que a paisaxe pola que discorre é moi fermosa, atrae a multitude de peóns que pasean por ela.

O referido anteproxecto contempla unha actuación na totalidade da PO-352 que non conta con beirarrúas, tanto polo lado oeste, Cruzada-Camposancos como no lado este Camposancos ata intersección PO-355 (que conduce á Pasaxe) consistente en un ancheamento da calzada de rodadura, a construción dunha senda, para facela máis segura para os peóns e os vehículos.

Chega a "Pontevedra Trail League", a nova aposta deportiva da Deputación

A presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, presentou hoxe a primeira edición da Pontevedra Trail League, iniciativa deportiva que conta coa colaboración da institución provincial e que xuntará a tres probas de referencia na provincia como son o Trail Adventure Muíños do Folón, o Trail do Románico e o Trail do Trega. No acto estivo acompañada por Anxela Fernández, alcaldesa do Rosal; Mónica González, concelleira de Deportes de Silleda; Montse Magallanes, concelleira de Deportes da Guarda; Gorka Gómez, deputado de Deportes, e Justi Peixoto, organizador da proba.

Silva resaltou que "na Deputación de Pontevedra apostamos por este tipo de actividades deportivas que axudan a promover o noso territorio ao mesmo tempo que se desenvolven dun xeito sustentable". Amais, referiuse á primeira edición desta iniciativa como "unha gran idea que cumpre coa Axenda 2030 e



que vai da man da nosa campaña turística, que pon en valor o noso patrimonio natural, amais o facemos desde un punto de vista non pasivo, promovendo a actividade nel".

A primeira proba da Pontevedra Trail League será no Rosal o 8 de marzo. O Trail Adventure Muíños do Folón será unha carreira de 21 quilómetros para o que tan só quedan ao redor de 60 prazas. A alcaldesa do Rosal, Anxela Fernández, apuntou que "como a proba terá lugar o 8 de marzo, nunha data tan sinalada para todas e todos nós, tentaremos facer de xeito paralelo

un recoñecemento á muller no deporte".

Tras o seu paso polo Rosal o circuito deportivo chegará a Silleda o 19 de xullo co Trail do Románico, unha proba de 24 quilómetros para a que o prazo de inscrición abrírase no mes de abril, aínda que a inscrición conxunta para as tres probas xa pode formalizarse.

Por último, a Pontevedra Trail League pecharase na Guarda co Trail do Trega o 22 de novembro. Para esta proba, de 18 quilómetros, as inscricións individuais estarán dispoñibles a partir do mes de xullo.

Unidade Móbil de inspección técnica de ciclomotores en abril

A Unidade Móbil 9 de inspección técnica de ciclomotores desprazarase ao Concello de A Guarda os días 23 e 24 de abril, ubicándose na Estación de Servicio San Roque.

O horario de atención será de 9:00h a 13:30h e 15:15 a 18:00 horas agás o día 24 que será horario só de mañá.

Para solicitar cita previa, pode facerse no teléfono 902 30 90 00, ou a través da páxina web: www.sycitv.com - Cita previa.

A admisión de vehículos con características particulares estará condicionada á posibilidade de realizar as operacións de inspección regulamentarias.

A Deputación aproba concertos para 58 concellos ó abeiro do “Musigal 2020”

A Deputación de Pontevedra vén de aprobar as actuacións autorizadas aos concellos dentro do programa ‘Musigal 2020’, orientado a municipios de menos de 50.000 habitantes. Deste xeito, aceptáronse as actuacións dos 58 concellos solicitantes, cun custe total de 614.045,25 euros.

O concerto encargado de abrir a programación do ‘Musigal 2020’ correrá a cargo de Xabier Díaz e Adufeiras de Salitre e terá lugar o 10 de abril no concello das Neves, mentres que a última cita será o 20 de decembro en Portas, con Andrea Pousa.

Entre as 21 formacións musicais que foron solicitadas polos concellos, os grupos que contarán con máis eventos son Óscar Ibáñez & Tribo, Sés e Xabier Díaz e Adufeiras de Salitre. Todos os grupos están enmarcados nas seguintes categorías: ‘Son Muller’, ‘Son Crianza’, ‘Son tradición’, ‘Son Clásico’ e ‘Son Actual’.

O programa ‘Musigal 2020’ ten como obxecto contribuír á difusión e promoción da música galega e en galego nos concellos



da provincia, así como fomentar a defensa da igualdade e favorecer a programación artística nos concellos pequenos, posibilitando que contén cos grupos adheridos a Musigal 2020.

Exposición de cestería de madeira rachada do mestre Enrique Táboas

A mosar a riqueza da tradición da cestería de madeira rachada e evitar que se perda este patrimonio material e inmaterial galego. Estes son os dous grandes obxectivos da exposición “Tecendo a natureza”, organizada pola Deputación de Pontevedra e que ata o día 29 de febreiro se poderá visitar no vestíbulo do Pazo Provincial. Con esta mostra, a institución provincial tenta poñer en valor esta artesanía a través das obras do último mestre cesteiro galego nesta modalidade, Enrique Táboas.

Deste xeito, a presidenta da institución, Carmela Silva, destacou na inauguración desta mostra o “saber facer” de Enrique Táboas, fillo e neto de cesteiros, nunha arte “tan marabillosa como é a cestería tradicional feita en madeira”. Pero ao mesmo tempo lanzou un berro de auxilio para evitar que se perda este oficio. “Resúltame duro pensar que cando falamos de Enrique falamos do último cesteiro de madeira. Polo tanto, esta exposición, que vai percorrer os concellos da provincia, non soamente vai a ser unha mostra dese bo facer, senón tamén unha chamada de alerta a todos

os concellos e a outras administracións que teñen que traballar para que non se perda este patrimonio inmaterial”

Neste senso, apuntou que a Deputación abordará de xeito inmediato a posta en marcha de actividades de formación que permitan transmitir estes coñecementos e que non se perdan.

Ao igual que o resto das exposicións que organiza a Deputación, “Tecendo a natureza” é unha mostra accesible. Todas teñen que estar escritas en braille, e amais tamén coa súa explicación na linguaxe de signos.

E en consonancia co compromiso da Deputación cos 17 ODS da Axenda 2030, a exposición cumpre varios dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Así serve para poñerlle fin á pobreza en todas as súas formas, “porque a ONU sostén que a pobreza cultural é unha forma de pobreza e se perdemos as nosas tradicións, empobrecémonos culturalmente”. Tamén ao segundo, promover a agricultura sostible, “porque a creación e o sostemento de bosques de castiñeiros, e en xeral de árbores autóctonas, están intimamente ligados con estas profesións”.

A Deputación colabora no concurso “Balbino” de relatos

No marco da súa aposta por dinamizar a creación literaria en galego, a Deputación de Pontevedra colabora un ano máis na convocatoria do Concurso “Balbino” de Relatos, que este ano chega a súa quinta edición e que naceu para a promoción da literatura e a lingua

galegas, así como dos novos talentos na escrita e de autores xa consagrados. Este certame está promovido pola empresa Técnicas & Gramaxe e Edicións Fervenza, conta coa conformidade da Fundación Neira Vilas.

O concurso, que está dotado cun único premio de 1.500 euros, amais da publicación da

obra gañadora por Edicións Fervenza, está aberto a persoas de todas as idades e nacionalidades, que deberán presentar obras orixinais e inéditas en galego coa temática do rural, o mar ou a emigración.

A data de presentación dos traballos rematará o 30 de xuño e o xurado do concurso estará

Colexio plurilingüe La Inmaculada

Premio 2017 á Excelencia Educativa
Dende 1905 en Ponteareas

- Aula matinal de 7:30 a 9:00
- Comedor de 14:00 a 16:00
- Ludoteca de 16:00 a 17:00

Tlf: 986 640 065
www.colexioinmaculada.com

ABERTO O PRAZO DE MATRÍCULA
do 1 ao 20 de marzo